

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 8

SESION ORDINARIA DO 25 DE ABRIL DE 2011

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Velooso Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martiño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota
Romero Rodríguez, Begoña

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e quince minutos do día vinte e cinco de abril do ano dous mil once, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen-se os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz, Romero Rodríguez e Velooso Ríos, actuando como Secretario Xeral accidental do Pleno que asina D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa

antelación legalmente requirida. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

No momento de comezo do Pleno prodúcese unha alteración da orde no salón provocada por un grupo de persoas, escoitándose voces de "Colexios públicos solución". A Presidencia solicita silencio por tres veces, manifestando que de non se restablecer a orde, interromperá o Pleno.

A PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno en sesión ordinaria convocado por orde do día do 19 de abril que obra en poder dos señores e señoras concelleiros e concelleiras. Constátase quórum. A sesión pública continua dende o Pleno extraordinario anterior. Procedemos coa orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1.- (76).- ACTAS ANTERIORES. SESIÓNS 28.02.11 E 17.03.11.

Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas correspondentes ás sesións plenarias ordinaria do 28 de febreiro e extraordinaria e urxente do 17 de marzo de 2011.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non se formularon.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

XESTIÓN MUNICIPAL

3.1.- (77).- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO DO INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES.

CRÉDITO EXTRAORDINARIO 01/11. EXPTE 10393/333 (171/1101).

ANTECEDENTES.- Por resolución de data 14 de febreiro, o presidente do Instituto Municipal dos Deportes decretou a incoación dun expediente de crédito extraordinario para dar cobertura á necesidade dun vehículo de transporte para a mobilidade do persoal por importe de 8.500 euros.

Nesa mesma data o director técnico do IMD emite a proposta que se contén no apartado primeiro da parte dispositiva deste acordo.

No expediente figura informe favorable, emitido con data do 17 de febreiro, polo interventor xeral municipal.

A Xunta Reitora do Instituto Municipal dos Deportes, en sesión do día 23 de febreiro, prestou a súa aprobación a proposta formulada polo director técnico do IMD.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 15 de abril de 2011, ditaminou favorablemente a citada proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 01/2011 por un importe de 8.500,00 euros có desglose e aplicacións que figuran na resolución da Presidencia do IMD do 14 de febreiro de 2011 e que se reproduce:

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Crédito a minorar</u>
3420,623,00,00	Maquinas e ferramentas	8.500,00 €
Total orixes financiamento crédito extraordinario		8.500,00 €

En cumprimento do previsto no art. 177.4 del TRLR, a partida que é obxecto das aplicación dos recursos é a seguinte:

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Crédito a habilitar</u>
3420,624,00,00	Vehículo de transporte	8.500,00 €
Total aplicacións de fondos crédito extraordinario		8.500,00 €

Segundo.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria polo Pleno da Corporación, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

Terceiro.- De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente (MC 17/11) entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

Cuarto.- De presentarse reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

3.2.- (78).- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO DE PATRIMONIO HISTÓRICO 17/11. CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO. EXPTE. 6100/307 (164/1101).

ANTECEDENTES.- A xefa de Patrimonio Histórico, coa conformidade do concelleiro delegado, con data 7 de marzo emite o seguinte informe:

“Seguindo instrucións do delegado da Área de Patrimonio Histórico, emítense o seguinte informe-memoria coa finalidade de xerar un suplemento de crédito, motivado na necesidade de aumentar o crédito de partidas orzamentarias destinadas a cubrir gastos urxentes e inaprazables.

Á área de Patrimonio Histórico, segundo a resolución de Alcaldía do 5 de xullo de 2007, correspóndenlle as seguintes atribucións: “Adoptar, en caso de urxencia, as medidas cautelares necesarias para salvagardar os bens de Patrimonio Cultural que viren o seu interese ameazado” e “velar porque todos os bens que integran o Patrimonio Cultural de Vigo gocen das medidas de protección e conservación axeitadas”.

Dende esta perspectiva, os orzamentos municipais de Patrimonio Histórico do ano 2010 incluían unha partida destinada á adquisición e rehabilitación da coñecida

como “Casa do Patín”, no barrio histórico de Bouzas.

No mes de xaneiro de 2010, este servizo de Patrimonio púxose en contacto coa propiedade deste inmovible, sito na rúa San Miguel, 2, 4 e 6, coa finalidade da súa adquisición, sen que fora posible, tras numerosas conversas e xuntanzas, chegar a un acordo de compravenda.

Paralelamente, iniciouse o expediente 5669-307 de adquisición do inmovible sito na rúa Alfolíes, 10, e lindeira coa “Casa do Patín”, tras chegar a un acordo con esta propiedade, que previamente ofertou dito edificio ao Concello.

Con data 29 de novembro de 2010, o delegado da Área de Patrimonio Histórico solicita á Xerencia de Urbanismo “A tramitación dun expediente de expropiación forzosa do inmovible situado na rúa San Miguel, nº 2-4-6 (CASA DO PATÍN) en Bouzas, co nº de referencia catastral 0451605NG2705s0001AF (San Miguel nº 2-4) e 0451606NG2705D0001BF, para a execución das actuacións que se recollen no Plan especial de protección e reforma interior do Casco Vello de Bouzas, de uso público socio-cultural”.

Os técnicos da Xerencia poñen en coñecemento do servizo de Patrimonio Histórico que, para o cumprimento da lexislación aplicable, é necesario proceder á adquisición de toda a Unidade de actuación 2 do PEPRI de Bouzas pola vía de expropiación, que inclúe a “Casa do Patín” e dúas parcelas máis, unha delas o inmovible de Alfolíes nº 10, o que implicaría a paralización de todas as actuacións conducentes á adquisición por compravenda de Alfolíes nº 10.

Comunicada esta proposta ao delegado de área de Patrimonio Histórico, este ordena paralizar o expediente nº 5669-307, a través do que se tramita a citada adquisición, e solicitar á Xerencia de Urbanismo a tramitación dun expediente de expropiación forzosa da actuación illada nº 2 del PEPRI de Bouzas.

Con data 10 de decembro de 2010, o delegado da Área de Urbanismo e Vivenda resolve a incoación de expediente expropiatorio da totalidade da actuación illada nº 2 do PEPRI de Bouzas que contén, ademais da Casa do Patín, as dúas parcelas lindoiras.

Así, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 20 de decembro de 2010, queda enterada da incoación do referido expediente de expropiación forzosa, e insta ao servizo municipal de Intervención á retención do crédito de 320.607,31 euros da partida orzamentaria 3360.6220002, a favor dos titulares do dereito de propiedade de cada predio a expropiar, tendo en conta que os técnicos da Xerencia de Urbanismo estiman como prezo xusto da expropiación de toda a Unidade de actuación o total de 394.124,53 euros, premio de afección incluído.

Por outra banda, a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria do 30 de abril de 2010, acorda adxudicar definitivamente a empresa MOVEXVIAL, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación de edificio para a instalación dunha pinacoteca (expediente 5471-307), por un prezo total de 2.589.975,50 euros IVE incluído, financiado con cargo ao Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local, e que se atopan a piques de rematar.

Así, nos orzamentos municipais de Patrimonio Histórico do ano 2011, contéplase unha partida de adecuación de espazos expositivos pinacoteca, destinada á realización de diferentes traballos encamiñados á adaptación do inmoble para a súa apertura ao público como equipamento cultural de referencia, dotada con 194.000 euros, aínda que as necesidades detectadas nos dous últimos meses polos técnicos do museo exceden esta consignación orzamentaria.

Con estes antecedentes, esta área de Patrimonio Histórico considera que estas actuacións no barrio de Bouzas e na pinacoteca situada no Casco Vello, son fundamentais e prioritarias para dar cumprimento aos obxectivos que ten encomendados e que ven avalado polas circunstancias sinaladas producidas no presente exercicio orzamentario.

Por outra banda, a partida minorada como consecuencia destas necesidade urxentes é a destinada á 2ª fase de construción do Centro Galego de Fotografía que non poderá ser executada neste ano 2011, xa que o estado deplorable das edificacións lindadeiras coa parcela na que se pretende executar a construción deste equipamento, unido ao conxunto de actuacións previas necesarias para que a execución da obra poida facerse coas maiores garantías de seguridade, provocaron que as obras da primeira fase comezaran o pasado 18 de febreiro de 2011, estando prevista a súa finalización o 15 de decembro de 2011, segundo se detalla no informe dos arquitectos municipais, supervisores de ditas obras, do 7 de marzo de 2011.

Deste xeito, realízase a seguinte proposta de modificación orzamentaria:

Partida de orixe	Crédito a minorar
3360.6220000	190.000,00 euros
TOTAL	190.000,00 euros
Partidas de destino	Crédito a aumentar
3360.6220002	120.000,00 euros
3360.6220055	70.000,00 euros
TOTAL	190.000,00 euros"

Polo anteriormente exposto, a Alcaldía-Presidencia por decreto da mesma data do 7 de marzo, resolveu a incoación do expediente de modificación de crédito na forma que figura na parte dispositiva deste acordo.

No expediente figura informe favorable do interventor xeral emitido con data 11 de marzo de 2011.

Visto todo o anterior, con data 11 de marzo a concelleira delegada de Economía e Facenda emite a proposta que figura na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 15 de abril ditaminou favorablemente.

DEBATE.- SRA. LARRIBA LEIRA: Ó Grupo municipal do Partido Popular rechámalle que a trinta días de que remate a lexislatura se propoña unha modificación orzamentaria de calado pola que se lle quita ó Centro Galego de Fotografía, do que se anunciou a súa apertura no 2011, a partida para a execución das obras que xa están formalmente adxudicadas a unha empresa en Mesa de Contratación.

O Grupo municipal do PP pregúntase cal vai ser o futuro da obra que está en marcha no centro adicado a fotografía; de que xeito se vai financiar o que está previsto executar no presente ano.

Como digo, esta modificación orzamentaria xustifícase pola necesidade de protexer o patrimonio histórico de Vigo. Queremos lembrar aquí que o goberno anunciou xa a comezos do seu mandato a recuperación da Casa do Patín en Bouzas, era a actuación estelar que habería no casco vello de Bouzas. Pasaron catro anos, non fixeron nada neses catro anos con esta casa, nin sequera se ten claro a que a queren dedicar. Lembramos que en principio ía ser un centro socio-cultural, agora anúnciase unha biblioteca de proximidade, pero todo iso e polas últimas novas que temos coa única pretensión de facer en 2011 a redacción dun proxecto construtivo. Anuncian os proxectos, anuncian o centro galego de fotografía como moi necesario para a cidade, mesmo anuncian a súa apertura para o presente 2011 e sen embargo non son quen dos rematar e semella que vai ter que ser o novo goberno quen se faga cargo da xestión destes inmobles.

Rechama que a trinta días de que remate a lexislatura se propoña esta modificación que consideramos é de calado e lembramos aquí o esquecemento que durante estes catro anos fixeron da Casa do Patín porque non aparece ningunha xestión seria ó respecto.

SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: En primeiro lugar aclarar as dúbidas do Partido Popular. A execución da primeira fase do Centro Galego de Fotografía está garantida e adxudicada con cargo ós orzamentos do ano 2010. Polo tanto non se retira ningunha cantidade do proxecto de execución da primeira fase que estaba previsto. Logo tamén explicarei de onde veñen eses cartos e por que están aí.

En segundo lugar e en canto á Casa do Patín, dende que cheguei a esta Concellería e tamén antes se veñen facendo esforzos de reunións permanentes cos distintos propietarios desas vivendas, deses espazos. É máis, a previsión orzamentaria ven do ano 2010 cando estaban previstos 325.000 euros, cantidade que desgraciadamente non abonda porque a taxación pericial feita polo Concello de Vigo incrementa en máis de 120.000 euros ese pago necesario e pasaría xa ós 440.000 euros. Por iso este ano é necesario facer esta modificación orzamentaria para dar cumprimento a esa obriga.

O traballo feito durante este mandato foi extraordinario, tratando de resolver o que durante vinte anos, nin máis nin menos, o Concello non foi quen de acadar, como foi adquirir a Casa do Patín cando era un compromiso de todos os grupos.

Hai algo moi importante. Neste mandato xamais se investiu máis na materia de Patrimonio Histórico e se gastou menos por parte do Concello de Vigo e dos seus orzamentos municipais. Explícome. Os investimentos en Patrimonio procederon basicamente dos Orzamentos do Estado vía FEIL, pero mediante as xestións que fixo o tenente de alcalde en Madrid diante do goberno do Estado, e máis da nosa deputada Olia Fernández, acadamos introducir nos orzamentos do Estado unha subvención dun millón de euros para o centro galego de fotografía e outro millón de euros para o centro de interpretación de Toralla. Por certo, outros partidos con maiorías ou minorías maioritarias non conseguiron arrincar para Vigo nin un só euro neste mandato máis aló do Plan FEIL. Nin que dicir ten que a Xunta de Galicia e a Deputación nesta materia non achegaron nin un só euro.

En definitiva, investimos máis ca nunca e gastamos dos orzamentos municipais menos que nunca. Polo tanto unha extraordinaria xestión que coido que basicamente se debe á aposta que Santiago Domínguez fixo nesta e materia neste ámbito.

Por outra banda tamén lles dicía que non existe maior satisfacción para un goberno que acadar o que outros non puideron sendo unha reivindicación de todos. Refírome agora ó caso do Patín e tamén á parroquia de Bouzas. No ano anterior tiñamos previsto 320.000 euros e este ano foi necesario complementar esa partida con 120.000 euros máis para poder abordar este asunto.

Moito traballo, moito esforzo que lle debo agradecer fundamentalmente ós traballadores e traballadoras da Concellería á que represento, tamén ós

funcionarios da Xerencia de Urbanismo que puxeron un esforzo importante na realización disto que como poderán vostedes supoñer, é unha tarefa extraordinariamente complicada. Non vou entrar agora nas negociacións internas que se produciron entre os propietarios pero realmente tivo unha dificultade extraordinaria.

En definitiva, Bouzas terá un novo centro social, neste caso cultural porque o seu destino é moi claro, a biblioteca de proximidade que, por certo e dito de paso, está a ter un extraordinario éxito, está xa aberta en Martínez Garrido. Isto demostra que a aposta da Concellería de Cultura e tamén de Santiago Domínguez por esta materia ten un éxito extraordinario.

Esforzo e traballo que nós podemos demostrar, demostramos con datos e do que outros realmente non poden falar porque durante moito tempo, con maiorías absolutas nesta Casa e con todo o seu servizo, non foron quen de levar estes temas adiante.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 17/11 por un importe de 190.000 euros, có desglose e aplicacións que figuran na resolución da Alcaldía-Presidencia do 7 de marzo e que se reproduce, así como a memoria motivadora da tramitación do expediente.

En cumprimento do previsto no art. 177.4 del TRLRFL, a partida que é obxecto dos recursos que financian a presente modificación é a seguinte:

<u>Aplicación</u>	<u>Denominación</u>	<u>Crédito a minorar</u>
3360.6220000	2ª Fase Centro Gal. Fotografía	190.000,00

Total orixes financiamento 190.000,00

As aplicacións ás que se destinará o crédito minorado, de conformidade co anterior, son as seguintes:

<u>Partida/prxcto.</u>	<u>Concepto</u>	<u>Créd. a habilitar/€</u>
3360.6220002	Compra e rehab."Casa de Patín"	120.000,00
Total crédito extraordinario modificación 17/2011		120.000,00

<u>Partida/prxcto</u>	<u>Concepto</u>	<u>Crédito a suplem.</u>
3360.6220055	Adecuación espazos exp. pinacoteca	70.000,00
Total suplemento de crédito modificación 17/2011		70.000,00

Segundo.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria polo Pleno da Corporación, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

Terceiro.- De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente (MC 17/11) entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

Cuarto.- De presentarse reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

3.3.- (79).- RESOLUCIÓN SOLICITUDE FORMULADA POR D. ANGEL COMESAÑA PÉREZ DE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO NO TRAMO R-5 DA ESTRADA FRAGOSELO. EXPTE. 18822/240 (136/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 9 de febreiro de 2011, o xefe de Patrimonio, coa conformidade da xefa de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado, emite o seguinte informe:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).
- Lei 1/2001, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil (LEC).
- Real Decreto do 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

1º.- D. Angel Comesaña Pérez presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 11/12/2009 solicitando a descualificación como público do tramo de camiño que parte dende a estrada de Fragoselo-Coruxo e pasa pola súa propiedade (ref. catastral 54057A16100679) no barrio da Luz, ao estimar que se trata dunha servidume.

2º.- Na instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constanding os seguintes:

- Informe da aparelladora municipal da OSPIO de data 03.09.2010 e 24.09.2010
- Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 28.10.2010.
- Informe do Servizo de Vías e Obras de data 01.12.2010.
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia de Urbanismo de data 26.01.2011.

3º.- Así mesmo, outorgouse trámite de audiencia á Asociación de Veciños de Coruxo e aos propietarios de parcelas lindeiras, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se puideran ver afectados pola solicitude de descatalogación presentada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, formulando alegacións:

- Dª Mª Carmen Santos Dopeso, en data 08.11.2010, opoñéndose á desafectación solicitada, manifestando ser dito camiño público.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de

data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles, como ben de dominio público afecto ao uso público e, na súa condición de vía pública integrado na rede viaria municipal, coa denominación de ramal 5 da CR. Fragoselo.

2ª.- Natureza xurídica de ben de dominio público do R-5 CR. Fragoselo. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ao uso xeral ou ao servizo público, así como aqueles aos que unha lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

3ª.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas, atópase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo secretario da Corporación Local, co visto bo do presidente e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo aprobouse definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ao 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación seguiuuse o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicábeis non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992; b) información pública e audiencia aos interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. No entanto, é de sinalar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ao uso público.

Tralo acordo plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos, este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe aos actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

4ª.- Respecto á cuestión da rectificación do inventario solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ao seu uso público ou, en

caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, procedese rectificar o inventario, dándoo de baixa, dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ao corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdición civil. Neste senso, a controversia centrase na configuración ou non dese camiño como público en virtude da súa afectación ao uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo, o que cabe concluír que concorre no presente caso tendo en conta que se trata dun camiño que se atopa aberto ao uso público, delimitado por peches das fincas lindeiras ao que dan fronte, polo que discorre o servizo municipal de abastecemento de auga e que xa aparece reflectido como tal camiño na cartografía municipal do ano 1985.

Se temos en conta que o ordenamento xurídico reconece s corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LRBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL) podemos concluír que non procede a rectificación do inventario solicitada posto que *prima facie* parece que dito ramal é público e as administracións públicas teñen a obriga de protexer e defender os seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte as demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

5º.- Natureza xurídica da presente reclamación. A reclamación en vía administrativa, segundo dispón o artigo 120.1 LRJAP, é requisito previo ao exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera administración pública, salvo nos supostos nos que este requisito estea exceptuado por una disposición con rango de lei. No caso que nos ocupa, dado que se trata dunha cuestión de propiedade e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, é competencia dos tribunais do orde xurisdicional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa, carácter que cabe predicar da presente reclamación aínda que o interesado non a denomine formalmente deste xeito, en virtude do antiformalismo que preside a regulación dos procedementos administrativos na Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, por analoxía co disposto no artigo 110 LRJAP respecto dos recursos administrativos.

6º.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa. Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL).

Visto o anteriormente exposto, o xefe de patrimonio emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Enviado á comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 14 de marzo de 2011 retirouse da orde do día. Na sesión que tivo lugar o día 15 de abril, a comisión informativa de Xestión Municipal ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da

Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por D. Angel Comesaña Xerez mediante escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 11 de decembro de 2009 ao non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a rectificación do Inventario solicitada respecto ao tramo do R-5 da CR. Fragoselo recollido no epígrafe I de bens inmobles do Inventario municipal de bens e dereitos.

3.4- (80).- REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS ELÉCTRICAS NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 6101/307 (183/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 15 de abril de 2011, a xefa de Patrimonio Histórico, coa conformidade do concelleiro delegado, presenta para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local e proxecto do “Regulamento do servizo municipal de préstamo de bicicletas eléctricas na cidade de Vigo”.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 15 de abril, prestou a súa aprobación o devandito regulamento.

Nesa mesma data o delegado de Área de Patrimonio Histórico formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 15 de abril, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: De non teren inconveniente os grupos, preferiría que os dous puntos, tanto o regulamento como a ordenanza, se discutiran xuntos

A PRESIDENCIA: Proceda polo tanto coa intervención, agrupe, con independencia de que cada grupo faga uso da súa quenda.

SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: No traballo realizado durante este mandato na área de cascos históricos con D. Santiago Domínguez á cabeza, coido que quedou demostrado o esforzo deste Concello, deste goberno municipal, para levar adiante

un proceso de rehabilitación integral de todo o casco histórico onde moitos son os edificios, unha rehabilitación integral das prazas e das rúas da cidade neste ámbito o veñen demostrar e é unha proba palpable dese esforzo.

Pero non só nos quedamos aí, non quixemos quedármonos aí. Pensamos que dada a dotación dos servizos para o casco histórico e en especial o tema da mobilidade, tendo en conta as dificultades de acceso ó casco e a inapropiada función do coche particular neste ámbito, era necesario propoñer novas alternativas de transporte e de mobilidade. Así o ano pasado licitamos e adxudicamos o primeiro servizo de transporte interno do Casco Vello na súa historia, o servizo de autobús eléctrico que á mesma vez é o primeiro bus eléctrico de Galicia de transporte público que percorrerá transversalmente as rúas desprazando ós seus habitantes comodamente e sen ruídos ata os puntos máis destacados que conforman o noso casco, a saber: mercados, centros culturais, inter-conexión con outros servizos, centros comerciais, etc.

Un aliciente máis que servirá de animador e acicate para que a cidadanía volva ó Casco, tan importante como as rehabilitacións das súas rúas e das súas prazas. Serán os veciños do Casco Vello quen en menos dunha semana farán a viaxe inaugural deste servizo.

Xunto con este proxecto traemos ó Pleno o Regulamento e a ordenanza para poñer en marcha un servizo de préstamo de bicis eléctricas no Casco, pero presentamos unha ordenanza e un regulamento que poderían servir para o servizo en toda a cidade.

O BNG, don Santiago Domínguez, cre que en Vigo é posible utilizar a bicicleta como medio de transporte, non do pasado e si do futuro, un medio ó que con todas as limitacións se lle está acurtando a posibilidade da súa implantación na cidade.

Imos demostrar, como xa fixemos coas humanizacións ó principio deste decenio, que é posible a utilización das bicicletas, é útil, o servizo vai ser demandado e por fin entenderemos o que hoxe moitos se negan a ver. Hai maneiras de desprazarse posibles e distintas na cidade de Vigo que, sen prescindir de outras, poden suplir en moitos casos ó transporte motorizado ou ó puro desprazamento a pé. Benvida sexa esta fórmula polo tanto.

Dicir que en canto á ordenanza é moi sinxela e a respecto dos recursos avalíase evidentemente cubriren os custes do servizo e preséntanse unhas tarifas moi

asumibles, tanto para o cidadán particular como para as empresas turísticas. Saliento aquí o paquete turístico cun prezo módico de 40 euros para que os operadores turísticos poidan alugar esas bicicletas a todos os cidadáns.

Polo tanto un novo interese máis para aquela xente que queira gozar do noso casco histórico e que visite a nosa cidade. Polo tanto un novo foro para mellorar a riqueza da cidade.

En canto ó Regulamento o que presenta basicamente é un sistema de obrigas e dereitos. Obrigas basicamente consistentes en manter a bici en perfectas condicións, devolvela no tempo axeitado e por suposto aboar as cantidades previstas. Os dereitos son os do uso para un servizo deste tipo.

Gustaríanos no próximo mandato estender este servizo a toda a cidadanía de Vigo, parece o normal ou o razoable. O certo é que para iso vai ser necesario tomar unha serie de medidas na circulación da cidade para que este sistema poida funcionar correctamente sen perigo e sen problemas para ninguén. En todo caso este ensaio vai ser unha boa proba.

A Presidencia pide ás persoas presentes no salón de Plenos que se garden silencio.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o “Regulamento do servizo municipal de préstamo de bicicletas eléctricas na cidade de Vigo”, aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria do 15.04.2011, co texto que se transcribe ao final deste acordo.

Segundo.- Someter o regulamento a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, taboleiro do Concello e prensa local para exame e presentación de reclamacións ou suxestións.

Terceiro.- No caso de existir reclamacións ou alegacións, estas resolveranse e elevarase de novo o regulamento ao Pleno para aprobación definitiva.

Cuarto.- No caso de non existir reclamacións ou alegacións no período sinalado para exposición pública, entenderase aprobado definitivamente e publicarase no BOP o acordo de aprobación.

REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS ELÉCTRICAS DA CIDADE DE VIGO.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1.- Obxecto e xustificación da implantación do servizo.

É obxecto deste regulamento, establecer as normas do servizo de préstamo de bicicletas eléctricas no municipio de Vigo. A finalidade deste servizo, é fomentar o uso deste tipo de vehículo, co que se pretende mellorar a mobilidade na nosa cidade e reducir moitos dos impactos ambientais negativos que xera o uso dos vehículos a motor tradicional. É este un sistema de mobilidade sostible porque contribúe a reducir os niveis de ruído e de contaminación da cidade; posibilita mellorar a utilización do espazo público no casco urbano, habida conta da súa especial orografía, así como a recuperación de determinados espazos da cidade polos cidadáns e cidadás, como é o Casco Vello, permitindo achegarse a determinados lugares inaccesibles para outros medios.

Artigo 2.- Ámbito de servizo.

O servizo circunscríbese ao Casco Vello e zona PEEC (a limitada polo ámbito de aplicación das normas contidas no Plan especial de edificios a conservar de Vigo, que se indica en planos adxuntos ANEXOS V e VI) e, en todo caso, aos límites que estableza o Concello de Vigo dentro do termo municipal.

Artigo 3.- Fundamento legal e potestades.

1.- O Concello, no exercicio das súas competencias, pode promover este servizo por canto contribúe a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade, de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

2.- Neste sentido o Concello de Vigo, na súa calidade de administración pública de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias, exerce a potestade regulamentaria que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de acordo co disposto no Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado por decreto do 17 de xuño de 1955.

3.- Non obstante ó disposto no apartado anterior, os usuarios do servizo municipal de préstamo de bicicletas, deberán cumprir as normas legais e regulamentarias, tanto xerais como sectoriais, que resulten de aplicación.

4.- Coa finalidade dunha resolución eficaz e eficiente das incidencias inherentes ó desenvolvemento do servizo, facúltase á concellería responsable e, no seu caso, á Xunta de Goberno Local, para ditar instrucións de desenvolvemento deste regulamento, interpretación do mesmo e modificacións de índole técnica que non afecten de xeito substancial ós dereitos e obrigas dos usuarios.

CAPÍTULO II.- ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO

Artigo 4.- Altas no servizo de préstamo.-

- 1.- Poderán ser usuarios/as do servizo municipal de préstamo de bicicletas:
 - Todas as persoas maiores de idade que se dean de alta no servizo como abonados do mesmo.
 - Os menores de idade, maiores de dezaseis (16) anos, que se dean de alta no servizo coa autorización do titor legal debidamente identificado.
 - Os visitantes, facendo uso de “códigos secretos” facilitados polas empresas do sector turístico que tiveran a condición de abonados.

Artigo 5.- Características do sistema de préstamo de bicicletas.

O sistema comprende os aparcamentos e expendedores automáticos de bicicletas instalados en diversos puntos da cidade, así como as bicicletas de préstamo que dispoña o Concello de Vigo. Todos os compoñentes do sistema, incluídas as bicicletas, teñen a consideración de bens públicos municipais e deberán ser obxecto de indemnización no caso de deterioro anormal de conformidade co disposto no Regulamento de bens das entidades locais.

Artigo 6.- Condicións de uso do servizo.

1.- Toda persoa que pretenda utilizar o servizo municipal de préstamo de bicicletas de Vigo deberá, previamente, darse de alta no servizo segundo o recollido nos Anexos I e II deste regulamento.

2.- Comprobados os datos, o solicitante recibirá un SMS que lle acredita como usuario/a do servizo e asígnaselle un código secreto para a súa efectiva utilización. Esta acreditación, que será persoal e intransferible, terá validez ata o 31 de decembro dese mesmo ano en curso.

3.- Para facilitar o uso deste servizo ós visitantes, as empresas do sector turístico, previa autorización do servizo xestor, poderán darse de alta segundo o disposto no Anexo III, adquirindo as obrigas económicas reguladas na ordenanza de prezos públicos deste servizo, así como a obriga de comunicar ó servizo xestor, a través da páxina web do Concello, con carácter previo ó seu uso, os datos identificativos das persoas físicas que farán uso do seu “abono de empresa”.

No caso dos abonados “empresas do sector turístico” que tivesen esgotada a dispoñibilidade horaria do seu bono, poderán aboar a tarifa de uso ou adquirir un novo abono, non estando suxeito á limitación o número de abonos de cada empresa.

O servizo xestor, determinará a asignación dunha serie de códigos secretos a cada abonado-empresa para a súa utilización polos visitantes, sen que dúas persoas físicas poidan utilizar o mesmo código.

Artigo 7.- Funcionamento do servizo.

1.- Para a recollida dunha bicicleta de calquera aparcamento expendedor, deberase enviar un SMS dende o teléfono móbil indicado na solicitude de alta de usuario/a ao número de teléfono establecido para o funcionamento do servizo,

2.- Ao enviar o SMS ao número de teléfono asignado ao servizo, a bicicleta seleccionada, identificada polo seu número, quedará liberada do cadeado e poderá ser utilizada ata a súa devolución.

3.- Para a devolución da bicicleta nos expendedores, deberase ancorar a bicicleta nun cadeado e, acto seguido, enviar un SMS ao teléfono establecido para o funcionamento do servizo.

Artigo 8.- Condicións de utilización.

A utilización da bicicleta limítase a un máximo de dúas horas. Se o tempo de uso supera o estipulado como máximo permitido, o usuario incorrerá en infracción e aboará a tarifa de recargo por cada media hora ou fracción de atraso, segundo a ordenanza do prezo público do servizo.

CAPÍTULO III.- OBRIGAS DOS USUARIOS/AS

Artigo 9.- Obrigas e responsabilidades do usuario/a.

1.- Todo usuario está obrigado a cumprir as normas do presente regulamento, así como as normas legais e regulamentarias, xerais e sectoriais, que lle sexan de aplicación, a facer un uso correcto do servizo municipal de préstamo de bicicletas actuando coa dilixencia debida e a devolver a bicicleta no mesmo estado no que a atopou, de limpeza e bo funcionamento.

2.- En particular está obrigado/a a respectar, en todo momento, as normas en materia de circulación vial.

3.- Serán responsables das infraccións deste Regulamento, os abonado/as e os usuarios/as do servizo de préstamo de bicicletas, así como os seus titores ou representantes legais cando sexan menores de idade.

4.- A persoa usuaria dunha bicicleta deberá comprobar o estado desta antes de facer uso da mesma: O Concello **NON** se fará cargo, en ningún caso, dos danos producidos polo uso indebido da mesma. En consecuencia, tanto os danos producidos á bicicleta polo mal uso e/ou aqueles outros que puideran causar a terceiras persoas durante a súa utilización, serán responsabilidade única e exclusiva do usuario/a da bicicleta.

A estes efectos, as empresas do sector turístico autorizadas que faciliten ós seus clientes códigos secretos para o uso de bicicletas, deberán comunicar a través da web do Concello, os datos identificativos do usuario, conservando no seu poder un orixinal asinado polo cliente.

5.- O usuario/a ten a obriga de comunicar de inmediato ao Concello de Vigo as incidencias que se produzan, tales coma o deterioro ou fallo que impida ou dificulte

o uso da bicicleta.

6.- No caso de perda, roubo ou furto, o usuario/a ten a obriga de denunciar a desaparición da bicicleta á Policía Nacional, Garda Civil ou Policía Local, e deberá entregar unha copia da denuncia no Concello de Vigo no prazo máximo de dous días contados dende o seguinte ao da denuncia ou día hábil inmediatamente posterior.

7.- No caso de non devolver a bicicleta no tempo e forma previstas, enviaranse dous requirimentos ao último usuario da mesma e, de non producirse a súa devolución a pesar disto, reclamaráselle polos medios aos que houberse lugar. A estes efectos, o valor da bicicleta está fixado en 1.300 (mil trescentos) euros/unidade e, sen prexuízo destas actuacións administrativas, o Concello resérvase o dereito de formular reclamación pola vía xudicial se fose necesario.

8.- No caso de abonados-empresas do sector turístico que incumpran a obriga de comunicación dos datos identificativos do usuario-visitante, estas responderán da non devolución da bicicleta, así como das consecuencias económicas por uso indebido ou deterioro.

Artigo 10.- Limitacións de uso.

1.- Non se permite a utilización da bicicleta fóra do horario e lugares que se establezan.

2.- O usuaria/o do servizo non poderá, baixo ningún concepto, prestar, alugar, ceder ou realizar calquera outro acto de disposición da bicicleta ou do código secreto a favor de terceiros, con ou sen ánimo de lucro.

3. Queda prohibido o uso da bicicleta en competicións de calquera clase, así como en lugares tales como escalinatas, ramplas de garaxe, beirarrúas ou similares. En resumo, a bicicleta só poderase utilizar como medio de transporte ou paseo.

4.- A manipulación ou desmontaxe total ou parcial da bicicleta implicará o inicio das actuacións administrativas e/ou xudiciais ás que se refire o apartado 9 do artigo anterior.

5.- Queda prohibido o uso da bicicleta para fins distintos ós que constitúen o obxecto do servizo e, en particular, o seu uso con fins comerciais ou profesionais.

6.- Queda prohibido que o usuario/a da bicicleta transporte nela a calquera persoa ou animal, así coma integrar elementos alleos que poidan servir para estes fins.

CAPÍTULO IV.- RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 11.- Principios xerais.

O procedemento sancionador deste regulamento réxese polos principios contidos na Lei 30 de 1992, do 26 de novembro, do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, polas normas que operen

modificacións ou se diten en desenvolvemento desta e polas disposicións contidas no título XI da Lei 7 de 1985, do 2 de abril, reguladora de las Bases do réxime local, normas ditadas no seu desenvolvemento.

Artigo 12.- Infraccións leves.

- 1.- O atraso na devolución da bicicleta.
- 2.- Non aparcar a bicicleta, durante o tempo que dure o préstamo, en zonas estratéxicas, adecuadas ou seguras que non interfiran o paso nin potencien situacións de inseguridade.
- 3.- A non comunicación ao Concello de Vigo do cambio dalgún dato persoal do usuario/a que puidera ser esencial para a condición de abonado/a.

Artigo 13.- Infraccións graves.

- 1.- Utilizar a bicicleta fóra das zonas establecidas polo Concello para o seu uso.
- 2.- Prestar a bicicleta a terceiras persoas.
- 3.- Non devolver a bicicleta en bo estado de funcionamento.
- 4.- Non comunicar calquera desperfecto, contratempo ou accidente ocorrido durante o seu uso.
- 5.- Producir danos na bicicleta polo uso incorrecto da mesma, sempre que o importe non exceda de 150€.
- 6.- O abandono temporal da bicicleta.
- 7.- A comisión de dúas faltas leves.

Artigo 14.- Infraccións moi graves.

- 1.- Utilizar a bicicleta con fin de lucro, estando expresamente prohibido o seu aluguer e/ou venda e a súa utilización para fins comerciais, de transporte de mercadorías ou calquera outro uso profesional.
- 2.- Non realizar denuncia no suposto de roubo, furto ou perda da bicicleta.
- 3.- Os actos de deterioro das instalacións e elementos do servizo.
- 4.- O abandono e/ou perda da bicicleta.
- 5.- Non entregar ao Concello de Vigo a denuncia da perda, roubo ou furto da bicicleta dentro dos prazos establecidos.
- 6.- A comisión de dúas faltas graves.
- 7.- Producir danos á bicicleta ou ao sistema por importe igual ou superior a 150 €
- 8.- No caso de empresa do sector turístico abonada, facilitar código secreto sen comunicación ó Concello dos datos identificativos do cliente-usuario.

Artigo 15.- Sancións.

As infraccións cometidas darán lugar ás seguintes sancións:

- 1.- As infraccións leves sancionaranse con penalizacións de tempo de un a tres meses de desactivación do código, ademais dunha multa económica de ata 30€.
- 2.- As infraccións graves sancionaranse con penalizacións de tempo de seis a doce meses de desactivación do código, ademais dunha multa económica dende 31€ ata 300 €.

3. As infraccións moi graves sancionaranse con penalizacións de tempo de doce a trinta e seis meses de desactivación do código, ademais de multa económica dende 301€ ata 2000 €.

Artigo 16.- Responsables.

1.- Serán responsables das infraccións a este regulamento as persoas usuarias do servizo de préstamo de bicicletas, así coma os seus titores ou representantes legais cando sexan menores de idade.

2.- A persoa usuaria é responsable dos danos que poidan sufrir ou producir mentres fai uso da bicicleta, e o Concello de Vigo non se responsabilizará dos danos ou prexuízos producidos polo uso da mesma nin dos causados a terceiros pola persoa usuaria desta. Polo tanto, a persoa usuaria deberá comprobar o estado da bicicleta antes de facer uso dela. Tamén será responsable a persoa usuaria dos danos causados a terceiros.

3.- No caso de incidente que afecte ás condicións mecánicas da bicicleta, e sen prexuízo da obriga de comunicación, esta quedará baixo a responsabilidade do usuario/a ata que a deposite nun aparcamento do sistema ou a poña a disposición do Concello. Esta incidencia deberá ser comunicada inmediatamente ao Concello, quen adoptará as medidas que estime convenientes.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra e transcorrido o prazo previsto no artigo 70.2 da Lei reguladora das bases de réxime local.

ANEXO I: DOCUMENTO DE ALTA DE PERSOAS FÍSICAS MAIORES DE IDADE NO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS DO CONCELLO DE VIGO

NOME	
APELIDOS	
DNI/NIF	
DOMICILIO COMPLETO	
Nº MÓBIL	
DATA NACEMENTO	
Nº CONTA CORRENTE	

SOLICITO ser inscrito/a como usuario/a no Servizo de Préstamo de Bicicletas do Concello de Vigo.

DECLARO ter lido o Regulamento do servizo de préstamo de bicicletas eléctricas do Concello de Vigo e ASUMO o compromiso de cumprir as condicións de utilización e funcionamento e das obrigas e prohibicións deste servizo, conforme ao disposto na

mesma.

DECLARO baixo a miña responsabilidade ser certos os datos da inscrición.

E para que así conste, asino o presente documento de solicitude.

Asdo.:

En Vigo, ... de de 20....

OBSERVACIÓNS:

Para facer efectiva esta inscrición, deberá realizarse o pagamento polo importe que corresponda en concepto de alta no servizo de préstamo de bicicletas.

O Concello de Vigo, en cumprimento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmalle que os datos persoais que vostede proporciona, serán incluídos nun ficheiro automatizado. Estes datos serán tratados de forma confidencial e non se cederán a terceiros alleos á xestión do Servizo de préstamo de bicicletas. Se o desexa, poderá exercer o dereito de oposición, acceso, rectificación e cancelación perante o responsable do ficheiro.

ANEXO II: DOCUMENTO DE ALTA DE MENORES NO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS DO CONCELLO DE VIGO

O pai, nai, titor ou gardador cuxos datos figuran a continuación:

NOME	
APELIDOS	
DNI/NIF	
DOMICILIO COMPLETO	
Nº TEL. OU MÓBIL	
Nº CONTA CORRENTE	

Respecto do/da menor:

NOME	
APELIDOS	
DNI/NIF	
DATA NACEMENTO	
Nº MÓBIL	

SOLICITO a súa inscrición no Servizo de préstamo de bicicletas do concello de Vigo.

DECLARO ter lido o Regulamento do servizo de préstamo de bicicletas eléctricas do Concello de Vigo e ASUMO o compromiso de cumprir as condicións de utilización e

funcionamento e das obrigas e prohibicións deste servizo, conforme ao disposto na mesma.

DECLARO baixo a miña responsabilidade ser certos os datos da inscrición.

E para que así conste, asino o presente documento de solicitude.

Sinatura do pai, nai, titor ou gardador Sinatura do/da menor

En Vigo, de..... de 20...

OBSERVACIÓNS:

Para facer efectiva esta inscrición, deberá realizarse o pagamento polo importe que corresponda en concepto de alta no Servizo de préstamo de bicicletas.

O Concello de Vigo, en cumprimento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmalle que os datos persoais que vostede proporciona, serán incluídos nun ficheiro automatizado. Estes datos serán tratados de forma confidencial e non se cederán a terceiros alleos á xestión do Servizo de préstamo de bicicletas. Se o desexa, poderá exercer o dereito de oposición, acceso, rectificación e cancelación perante o responsable do ficheiro.

ANEXO III: DOCUMENTO DE ALTA DE EMPRESAS DO SECTOR TURÍSTICO NO SERVICIO DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS DO CONCELLO DE VIGO

NOME OU RAZÓN SOCIAL	
DNI/CIF	
DOMICILIO FISCAL	
Nº TEL. OU MÓBIL	
Nº CONTA CORRENTE	

SOLICITO a inscrición no Servizo de Préstamo de Bicicletas do Concello de Vigo.

DECLARO ter lido o Regulamento do servizo de préstamo de bicicletas eléctricas do Concello de Vigo e ASUMO o compromiso de cumprir as condicións de utilización e funcionamento e das obrigas e prohibicións deste servizo, conforme ao disposto na mesma.

DECLARO baixo a miña responsabilidade ser certos os datos da inscrición.

E para que así conste, asino o presente documento de solicitude en representación da empresa.

En representación da empresa:

Don/Dona:

DNI:

Asdo:

En Vigo,..... de de 20...

OBSERVACIÓNS:

Para facer efectiva esta inscrición, deberá realizarse o pagamento polo importe que corresponda en concepto de alta no Servizo de préstamo de bicicletas.

O Concello de Vigo, en cumprimento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmalle que os datos persoais que vostede proporciona, serán incluídos nun ficheiro automatizado. Estes datos serán tratados de forma confidencial e non se cederán a terceiros alleos á xestión do Servizo de préstamo de bicicletas. Se o desexa, poderá exercer o dereito de oposición, acceso, rectificación e cancelación perante o responsable do ficheiro.

ANEXO IV: DOCUMENTO DE COMUNICACIÓN DE DATOS IDENTIFICATIVOS DOS USUARIOS VISITANTES

EMPRESA	
DNI/CIF	
DOMICILIO FISCAL	
Nº TEL. OU MÓBIL	

Na súa condición de ABONADO ó servizo de préstamo de bicicletas do Concello de Vigo, solicita autorización ó servizo xestor co Concello para comunicar o código secreto para a utilización do servizo a Don/Dona:

NOME	
APELIDOS	
DNI/PASAPORTE	
ENDEREZO COMPLETO	
Nº MÓBIL	

Quen asume as responsabilidades e obrigas establecidas polas normas legais e regulamentarias de aplicación.

Sinatura do representante da empresa: Sinatura do usuario-visitante:

En Vigo, de de 20..

OBSERVACIÓNS:

O Concello de Vigo, en cumprimento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmalle que os datos persoais que vostede proporciona, serán incluídos nun ficheiro automatizado. Estes datos serán

tratados de forma confidencial e non se cederán a terceiros alleos á xestión do Servizo de préstamo de bicicletas. Se o desexa, poderá exercer o dereito de oposición, acceso, rectificación e cancelación perante o responsable do ficheiro.

No expediente figuran debidamente dilixenciados pola Secretaría Xeral do Pleno, os seguinte documentos

- ANEXO V.- Plano informativo do ámbito do Casco Vello para aplicación do sistema de préstamo de bicicletas eléctricas do Concello de Vigo.
- ANEXO VI.- Plano informativo do ámbito do PEEC para a aplicación do sistema de préstamo de bicicletas eléctricas do Concello de Vigo.

3.5.- (81).- ESTABLECEMENTO DA ORDENANZA REGULADORA DE PREZOS PÚBLICOS POLO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS ELÉCTRICAS NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 184/1101.

ANTECEDENTES.- A Alcaldía-Presidencia presenta, para a súa aprobación polo Pleno da Corporación, o acordo de establecemento de prezos públicos polo servizo de préstamo de bicicletas eléctricas na cidade de Vigo, así como a ordenanza reguladora destes prezos públicos.

No expediente figura informe emitido pola adxunta á Directora de Ingresos, relativo á estimación de custes e ingresos do primeiro ano de servizo, así coma a determinación das distintas tarifas e as súas contías.

Igualmente a adxunta á Directora de Ingresos, coa conformidade do interventor xeral, e seguindo as instrucións da concelleira delegada de Economía e Facenda e máis do concelleiro delegado de Patrimonio Histórico, emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 15 de abril, prestou a súa aprobación a anterior proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión da mesma data, ditamina favorablemente a devandita proposta.

A petición do delegado de Patrimonio Histórico, Sr. Álvarez Álvarez, o debate deste punto realizouse xuntamente co do punto anterior, Regulamento do servizo municipal de préstamo de bicicletas eléctricas, figurando no citado punto da

presente acta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente o establecemento dos prezos públicos polo servizo de préstamo de bicicletas eléctricas na cidade de Vigo.

Segundo.- Aprobar provisionalmente a ordenanza reguladora dos prezos públicos pola utilización do servizo de préstamo de bicicletas eléctricas na cidade de Vigo co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Terceiro.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Cuarto.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA UTILIZACIÓN DO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS ELÉCTRICAS NA CIDADE DE VIGO.

Artigo 1.- Concepto:

Serán obxecto destes prezos públicos a utilización do servizo de préstamo de bicicletas eléctricas no Concello de Vigo, de conformidade co establecido no Regulamento deste servizo aprobado en sesión plenaria do ----- de abril de 2011.

Artigo 2.- Obrigados ó pagamento:

Están obrigados ó pagamento dos prezos públicos regulados na presente ordenanza os abonados a este servizo, dende o momento que soliciten a alta no mesmo.

Artigo 3.- Contía:

3.1.	Cota de abono anual para persoas físicas (inclúe tramitación de alta e 30 horas de utilización)	15€
3.2.	Cota de abono anual para empresas do sector turístico (inclúe tramitación de alta e 60 horas de utilización)	40€

3.3.	Cota de abono último cuadrimestre do ano para persoas físicas (inclúe tramitación de alta e 12 horas de utilización)	10€
3.4.	Cota de abono último cuadrimestre do ano para empresas do sector turístico (inclúe tramitación de alta e 25 horas de utilización)	20€
3.5.	Tarifa para usos que excedan da dispoñibilidade incluída nos epígrafes 3.1, 3.2, 3.3 e 3.4, por cada hora un fracción	1€
3.6.	Tarifa-recargo por demora na devolución da bicicleta: por cada media hora ou fracción de exceso das dúas horas máximas de uso	2 €

Artigo 4.- Obriga de pagamento:

A obriga de pagamento dos prezos públicos regulados na presente ordenanza como “cotas de abono” nace no momento en que se recibe solicitude de alta no rexistro xeral do Concello, sexa presencialmente ou a través da carpeta do cidadán da web do concello www.vigo.org.

A obriga de pagamento das cantidades resultantes por usos que excedan a dispoñibilidade horaria da cota de abono, nace no momento en que este uso se produce, e a obriga de pagamento das tarifas-recargo derivadas de atrasos na devolución, no momento en que esta situación se produza.

Artigo 5.- Xestión:

5.1.- Poderá simultanearse a solicitude de alta de abonado co pagamento das correspondentes cotas de abono a través da pasarela de pago da web do Concello.

5.2.- En todo caso, os solicitantes de altas como abonado deberán facer constar na mesma un teléfono móbil que servirá para o seguimento electrónico dos préstamos e un número de conta corrente onde se autoriza ó Concello a cargar tanto as cotas de abono como as tarifas de uso e mesmo as tarifas-recargo por demora na devolución.

5.3.- As cotas resultantes da aplicación das tarifas recollidas nos epígrafes 3.5 e 3.6 derivadas de usos realizados entre o 1 de decembro e 31 de maio do ano seguinte, serán cargadas durante o mes de xuño na conta corrente facilitada polo abonado no momento da alta no servizo. As devengadas entre o 1 de xuño e o 30 de novembro, serán cargadas no mes de decembro.

Disposición final:

Esta ordenanza entrará en vigor, unha vez sexa publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no art.65.2 da Lei 7/85 do 2 de Abril.

Non obstante ó anterior, dada a urxencia na implantación do servizo, unha vez aprobada esta ordenanza provisionalmente, o Concello procederá a súa aplicación, recibindo as cotas en concepto de “ingreso a conta”. Para a eventualidade de que

esta ordenanza non fose aprobada definitivamente, procederase á devolución dos anteriores “ingresos a conta”.

CULTURA, INDUSTRIA, TURISMO E PATRIMONIO HISTÓRICO

3.6.- (82).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DA PINACOTECA DO MUSEO DA CIDADE “QUIÑONES DE LEÓN”, COMO “PINACOTECA FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO”. EXPTE. 6158/307 (186/1101).

ANTECEDENTES.- O delegado da Área de Patrimonio Histórico, formula o seguinte informe-proposta:

“Con data 11 de abril de 2011, iníciase o expediente dirixido a que a nova pinacoteca municipal pase a denominarse “PINACOTECA FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO”

En relación con este nomeamento, hai que sinalar que o vixente regulamento de honras e distincións do Concello de Vigo establece dúas honras e distincións: a Medalla da Cidade e a inclusión no ruego da cidade das persoas físicas ou xurídicas que acrediten méritos suficientes para eses recoñecementos.

Con independencia deste regulamento de honras e distincións, os órganos de goberno local veñen outorgando recoñecementos que non están contemplados nesta norma, como podería ser o caso dos nomeamentos de “Vigueses Distinguidos” ou o nomeamento do actor Luis Tosar como embaixador honorífico do Casco Vello de Vigo.

Así as cousas, o 25 de marzo de 2011 tivo lugar a inauguración da Pinacoteca do Museo da Cidade “Quiñones de León”, situada no restaurado Pazo Arias Taboada, na rúa Abeleira Menéndez do Casco Vello da cidade, mentres o 26 de novembro do pasado ano, tivo lugar o falecemento de don Francisco Fernández del Riego.

D. Francisco Fernández del Riego foi un dos intelectuais máis destacados do século XX de Galicia. Vigués de adopción, levou adiante na nosa cidade un labor cultural e empresarial que marcou unha época na historia da cultura galega. Escritor, pensador, empresario, animador cultural, protector de artistas, etc., definen a este home que foi capaz de vivir e sobreporse nun tempo moi difícil, ás condicións políticas e sociais que a súa xeración tivo que soportar.

Ben coñecido é o seu traballo na editorial Galaxia, primeiro e na fundación Penzol despois, pero sen embargo é menos coñecida o seu labor de protector e impulsor da actividade dos nosos e as nosas artistas plásticos. Sempre atento ao fenómeno creativo, tivo a sensibilidade de animar o proceso creativo das artes plásticas en Galicia, como o que máis. A súa colección de arte é un bo exemplo desta sensibilidade e traballo arreo.

O seu recente pasamento, produciuse nun instante no que estaba a punto de abrir as súas portas a Pinacoteca do Museo Quiñones de León. A xuízo de quen fai esta proposta ao pleno, que acompaña cunha "*Laudatio*" de D. Alfonso Zulueta de Haz, vicepresidente da fundación Penzol e colaborador íntimo de D. Francisco Fernández del Riego, o noso intelectual é merecedor sobrado de levar o nome deste centro, polo que someto a consideración do pleno a seguinte proposta..."

Deseguido, o concelleiro delegado de Patrimonio Histórico formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O director do museo Quiñones de León, con data 15 de abril, emite informe e manifesta que "...considero pertinente adicar a nova Pinacoteca a D. Francisco Fernández del Riego, subnomeándoa como tal e sempre que se considere como centro expositivo dentro do ente maior que actualmente representa o Museo da Cidade "Quiñones de León", que inclúe ademais da sede matriz, o pazo de Castrelos, os depósitos arqueolóxicos musealizados de Toralla e o Castro".

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 15 de abril, ditamina favorablemente

DEBATE.- SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Antes de nada dicir que o noso Museo municipal leva o nome de Museo da Cidade "Quiñones de León", pero a proba palpable do que estamos a dicir é que neste mandato este museo medrou e está a incorporar á súa primixenia estrutura que era o Pazo de Castrelos, o depósito arqueolóxico de Toralla, que leva ese nome, o depósito arqueolóxico do Castro que leva o nome de Xacemento musealizado do Castro e agora a Pinacoteca que como noutros casos tal como acabo de dicir, leva o nome das localizacións pero para a que se pide o nome do esgrevio e extraordinario pensador e intelectual D. Francisco Fernández del Riego.

Coa dispensa do Sr. Presidente, vou ler aquí a *laudatio* que nos fixo D. Alfonso Zulueta de Haz para este Pleno, vicepresidente da Fundación Penzol e membro do Padroado designado para cumprir os fins da doazón de D. Francisco Fernández del Riego.

Di a *laudatio*: "Sen dúbida é un grande e xusto acerto o proxecto que desexo que se converta en realidade de dar o nome de D. Francisco Fernández del Riego á primeira pinacoteca recén aberta vinculada ó Museo da cidade "Quiñones de León", lembrando unha portentosa e rica personalidade que desenvolveu múltiples

actividades en diversos espazos: Academia Galega, Fundación Penzol, Editorial Galaxia, Revista Grial. Fíu condutor de tantas tarefas para o noso desenvolvemento cultural e político na defensa da identidade de Galicia e da súa singular cultura.

A Galicia do Século XX non se pode comprender sen figuras como Francisco Fernández del Riego, máis cómpre que neste intre, por mor do mencionado proxecto, deba salientar as vinculacións de D. Francisco Fernández del Riego coa cidade de Vigo na que viviu máis de sesenta anos e da súa longa e fecunda traxectoria vital.

Rematada a Guerra Civil, D. Francisco Fernández del Riego foi destituído en Santiago como profesor universitario, inhabilitado para a docencia e sancionado polo Tribunal de Responsabilidades Políticas, polo que decide trasladarse a Vigo onde chega no ano 1939 coa intención de traballar no despacho do seu amigo Valentín Paz Andrade que neste intre está no cárcere e, malia a súa inhabilitación, D. Francisco Fernández del Riego logra traballar como profesor no colexio Mezquita e logo no colexio Lábor desta cidade, ocultando parcialmente a súa identidade. Foi profesor excepcional que deixou forte pegada nos seus alumnos.

En Vigo permanece ata o seu falecemento o 26 de novembro de 2010 exercendo como cidadán aberto ó mundo, sentindo a dor dunha Galicia descoñecida ou ignorada, loitando pola recuperación da súa memoria e da súa singular cultura, participando decisivamente en múltiples realizacións que proxectaron esta cidade en amplos espazos culturais.

Esta cidade está chea de sinais que amosan un labor incansable e xeneroso ó seu servizo. No ano 1950 créase a Editorial Galaxia de importancia decisiva, tanto para o coñecemento como para divulgación da cultura galega en tempos moi difíciles. Fernández del Riego, Ramón Piñeiro e Xaime Isla Couto serán os catalizadores deste proxecto editorial.

Na Casa Galega da Cultura do Concello de Vigo hai sinais expresivas da vinculación con esta cidade. Alí está a impresionante doazón ó pobo de Vigo da súa biblioteca, arquivo, pinacoteca, abondosa correspondencia dun inmenso valor e gran regalía.

O 25 de abril de 1995 fírmase a escritura notarial, sendo alcalde Carlos Príncipe, logo da aceptación por unanimidade dos membros da Corporación, recollendo o exposto polo doante: “En recoñecemento ó pobo de Vigo, cidade na que vive e traballa dende hai unha chea de anos, a maior parte da súa vida, e á que dedicou

os seus maiores esforzos...". Non é posible citar polo miúdo o contido deste inmenso manancial de sabedoría composto por trinta mil títulos de libros, mil revistas, seiscentas caixas de arquivos, etc.

Foi amante da arte galega en todas as súas manifestacións e amigo dos seus creadores, dende moi novo foi coleccionando as pezas que hoxe forman parte desta magnífica exposición que foi doada ó Concello de Vigo de setenta e nove cadros e seis esculturas deste século que ilustran perfectamente a nosa arte.

A Casa Galega da Cultura acubilla tamén dende 1975 a Fundación Penzol que se constituíu no ano 1963 coa achega de fondos adquiridos durante moitos anos por Fermín Fernández Penzol.

Polo tanto é necesario conservar a lembranza, os recordos que axudaron ó desenvolvemento progresivo da nosa cidade, é preciso evocar actitudes exemplares de persoas que marcaron un camiño de progreso.

Estou a lembrar (di o noso Alfonso Zulueta) a unha portentosa personalidade, exemplar nas súas actitudes, sempre coherente cos seus principios, expresión rigorosa dunha inmensa talla ética, que moito traballou para esta cidade onde deixou sinais indelebles, D. Francisco Fernández del Riego.

SRA. LARRIBA LEIRA: O recoñecemento a D. Francisco Fernández del Riego como moi salientable intelectual da Galicia do Século XX, sen dúbida é unánime. Deixoulle a Vigo un legado que enriquece á cidade e convértea en punto de referencia para quen se queira achegar a afondar no coñecemento da cultura galega, polo tanto o seu nome honra calquera acción no eido da cultura.

Malia isto, para o Grupo municipal do Partido Popular, este acordo de cambio de nome está carente dun trámite que coidamos fundamental: carece dun acordo do Padroado.

Estando completamente de acordo coa *laudatio* que leu o concelleiro de Patrimonio, é certo que no Padroado do Museo lles gustaría poder opinar, falar e mesmo seren o mesmo Padroado quen promovese esta denominación.

Non é a primeira vez que o goberno actúa ignorando ó Padroado do Museo. Lembrar aquí que tardou case un ano en constituílo, tomando durante este tempo decisións importantes que lle competen ó Padroado do Museo e polo tanto, á marxe da representatividade e do criterio do mesmo, o que para o Grupo municipal do PP

supón non só unha falla de respecto ós membros do Padroado, senón á propia institución.

Pedimos polo tanto a retirada deste punto, sinxelamente porque coidamos que tanto a figura de D. Francisco Fernández del Riego, como o Padroado do Museo “Quiñones de León” merecen este trámite de que o asunto sexa tratado no seo do Padroado e proposto a este Pleno como un acordo do mesmo.

SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Esta proposta fíxo a tenente de alcalde na inauguración, o 25 de novembro do ano 2010 e estamos a 25 de abril do ano 2011, ten por tanto un percorrido de seis meses e como sabe a Sra. Larriba logo dese acto de presentación da que logo sería a exposición da Pinacoteca, tivemos unha xuntanza formal do Padroado e outra informal. En ningunha desas xuntanzas se fixo observación ningunha ó respecto do tema, non se fixo consideración ningunha por parte do Partido Popular nesas distintas reunións sobre o nome.

En segundo lugar o competente para dar o nome é o Concello de Vigo. En casos anteriores, coma o caso de Toralla e do depósito arqueolóxico do Castro, case se deu por entendido que non podían levar outro nome.

O Concello de Vigo non lle cambia o nome a ninguén e menos ó Museo da Cidade “Quiñones de León”. Se vostedes consideran que se lle está cambiando o nome que mo diga alguén formalmente, cun mínimo escrito do Partido Popular xustificando legalmente isto que lle estou a dicir. Abonda con iso e discutirémolo e falarémolo. Eu invítoos a que fagan iso.

Agora ben, o que nós recabamos é que, como o Museo da cidade “Quiñones de León” leva o nome de Museo da Cidade “Quiñones de León” e a pinacoteca pertence a ese Museo, así se vai dicir: Pinacoteca do Museo da Cidade “Quiñones de León” e esta levará o sub-lema, o sub-nome de “Francisco Fernández del Riego”. Polo tanto e para que o Partido Popular o entenda perfectamente, o lema que vai aparecer en todos os folletos, publicacións, organización e definición da Pinacoteca será: “Museo da Cidade “Quiñones de León”-Pinacoteca “Fernández del Riego”, tal e como o depósito arqueolóxico do Castro levará o nome de Museo da Cidade “Quiñones de León-Xacemento do Castro e como o depósito arqueolóxico de Toralla levará o nome de Museo da Cidade “Quiñones de León”-Xacemento de Toralla. Máis claro non pode estar.

SRA. LARRIBA LEIRA: Na miña intervención pedín en primeiro lugar a retirada do punto para que fose un acordo do Padroado do Museo.

A PRESIDENCIA: Está contestado.

SRA. LARRIBA LEIRA: Non deberíamos votar en primeiro lugar a retirada do punto?

A PRESIDENCIA: Non, vótase a moción como corresponde, tal e como ven coma acordo do goberno, nin tan sequera hai lugar a votar nada que non apareza como unha proposta de goberno.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Denominar a Pinacoteca do Museo da Cidade “Quiñones de León” como “Pinacoteca Francisco Fernández del Riego”.

ASUNTOS SOCIAIS

3.7.- (83).- DAR CONTA DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 04.04.11 DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO PARA O COFINANCIAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS NO 2011. EXPTE. 61387/301 (187/1101).

INTERVENCIÓN DA SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Como todos e todas sabemos, o Plan

Concertado é un dos recursos financeiros máis importantes cos que conta o Concello para o financiamento dos servizos sociais. Precisamente o Plan Concertado é un exemplo de alianza entre as administracións local, autonómica e tamén estatal, sobre todo en materia de servizos sociais e na procura de igualdade real de oportunidades de todas as persoas. Neste sentido cabe salientar que o Plan Concertado ven xa dun acordo realizado no ano 1988 e precisamente partiu por iniciativa do daquela Ministerio de Traballo e Seguridade Social. O Concello de Vigo foi un dos primeiros concellos beneficiados por este Plan Concertado. Este Plan evolucionou ós poucos durante todos estes anos.

Durante este tempo reflectiuse bastante ben o interese do Partido Popular polos servizos sociais. Así, dende o ano 2001 ó 2005, época do goberno Fraga...

Neste intre, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos, prodúcese unha unha nova alteración na orde do salón de Plenos provocada polas voces das traballadoras de Linorsa presentes na sala.

A PRESIDENCIA: Por última vez, garden silencio. Gárdense de facer intervencións e moito menos de insular a ningún edil desta Corporación.

Logo de pedir silencio repetidas veces, a Presidencia suspende a sesión ata que se restableza a normalidade.

As dez horas e corenta e un minutos, a Presidencia manifesta que ante a situación provocada e dada a imposibilidade de continuar a sesión plenaria, unha vez reunida a Xunta de Voceiros, acordouse suspender o Pleno da Corporación que se convocará para o próximo xoves, as 8,30 da mañá, co fin de rematar a sesión.

Queda pendente o resto da orde do día cos seguintes puntos:

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

5.- MOCIÓNS:

5.1.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN DEFENSA DOS AFECTADOS POR HIPOTECAS. EXPTE. 180/1101.

- 5.2.-MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA INSTANDO A XUNTA DE GALICIA A POSTA EN MARCHA DUN PLAN DE EMPREGO NA NOSA CIDADE. EXPTE. 178/1101.
- 5.3.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL UN PLAN DE INVESTIMENTOS PARA HUMANIZACIÓN DE RÚAS. EXPTE. 179/1101.
- 5.4.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR REXEITANDO ACTUACIÓN DO GOBERNO DO ESTADO EN RELACIÓN CO ACCESO DIRECTO DO AVE VIGO-OURENSE POR CERDEDO. EXPTE. 175/1101.
- 5.5.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR FORMULANDO AO GOBERNO DO ESTADO DIVERSAS PETICIÓNS RELACIONADAS COAS ENTIDADES FINANCEIRAS. EXPTE. 177/1101.

6.- ASUNTOS URXENTES.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

- 1.1.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.
- 1.2.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.
- 1.3.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 04.04.11 RELATIVA AO NOMEAMENTO PARA O POSTO DE SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL. EXPTE. 173/1101.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

4.- MOCIÓNS.

- 4.1.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO Á ALCALDÍA A CUMPRIR O SEU COMPROMISO ELECTORAL DO PLENO EMPREGO. EXPTE. 148/1101.
- 4.2.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOLICITANDO AO GOBERNO MUNICIPAL QUE NON SE MODIFIQUE O CONTRATO DE CONCESIÓN DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS. EXPTE. 174/1101.
- 4.A. MOCIÓNS URXENTES

5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e corenta e un minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL ACCTAL. DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

Manuel Xosé Lorenzo Penela.